

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 15 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para a plurianualidade do ano 2010 para axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103).

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro) procedeuse á convocatoria de varias liñas de axuda do Igape, entre outras, a liña de axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica nas pemes (procedemento IG103), cun crédito dispoñible de 3.500.000 € na anualidade de 2010.

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e tratando de dar resposta á ampla demanda de axuda e na procura da efectividade desta liña, parece oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103).

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Ampliar en 2.000.000 € o crédito dispoñible na anualidade 2010 para as axudas a proxectos de investimento para a innovación ou mellora tecnolóxica das pemes (procedemento IG103), ao abeiro da base reguladora das axudas do Igape ao investimento empresarial, con cargo á partida orzamentaria 02.02.E2/10/03-656700 dos orzamentos do Igape.

Con esta ampliación a suma total do crédito dispoñible para o exercicio 2010 é de 5.500.000 €.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica